

## Concello de Viveiro

---

**EXPEDIENTE: 1629/2020**

### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

D<sup>a</sup>. MARIA LOUREIRO GARCIA, Alcaldesa-Presidenta, en funcións, do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

No Boletín Oficial da Provincia número 184, de 12 de agosto de 2020, publícase a convocatoria da selección de persoal temporal mediante a modalidade de funcionario interino, de un TÉCNICO EN TURISMO ao amparo do Convenio de colaboración para a contratación de persoal nas oficinas de turismo entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Viveiro, rematando o período de nomeamento como data límite o 15 de setembro de 2019. Expte.: 1629/2020.

Vista a base xeral 7.1, que sinala “(...)A designación dos membros do Tribunal farase por Resolución da Alcaldía e será publicada no taboleiro de anuncios, na páxina web e no taboleiro de anuncios dixital para xeral coñecemento e para que os aspirantes poidan formular recusación.

*Todos os membros do Tribunal actuarán con voz e con voto. O secretario/a, redactará a acta de cada sesión que se celebre.*

*O Tribunal de selección deberá axustar a súa actuación aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, así como a normativa en materia de acceso ao emprego público....”*

Vista a base xeral 7.2 que sinala “(...)O Tribunal constituirase en sesión de constitución nun prazo máximo de 15 días hábiles dende a publicación do nomeamento dos seus membros....”

### RESOLVO:

**PRIMEIRO.-** Nomear aos membros do Tribunal que a continuación se sinalan, podendo actuar indistintamente titulares e suplentes:

#### **PRESIDENTE:**

**Titular:** Dona María Luz Balsa Rábade, Secretaria Xeral do Concello de Viveiro.

**Suplente:** D. Jose Antonio Álvarez Neira, Director do Conservatorio de Música do Concello.

#### **VOGAIS:**

**Titular:** Don Eduardo Otero Pardo, Técnico de informática do Concello de Viveiro.

**Suplente:** Dona Encarnación Casas Polo, Administrativo de Secretaría do Concello de Viveiro.

**Titular:** Don Antonio Pernas Pérez, Administrativo de Urbanismo do Concello de Viveiro.

**Suplente:** Dna. Beatriz Vale Conesa, Profesora de Música do Conservatorio de Música do Concello de Viveiro. de Viveiro.

---

**Concello de Viveiro**

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 (Lugo). Tfno. 982560128. Fax: 982561147





## Concello de Viveiro

---

**Titular:** Dona Lucía Míguez López, Traballadora Social do Concello de Viveiro.  
**Suplente:** D. Jose Vale Estevez, Vigilante Fiscal do Concello de Viveiro.

**SECRETARIO:**

**Titular:** D. Jose Vivero Russo, Xefe de sección de contratación do Concello de Viveiro.

**Suplente:** Dna. María Del Carmen Vale González, Xefa de Negociado de Estadística do Concello de Viveiro.

**SEGUNDO.-** Citar aos membros do Tribunal para que comparezan na sala de Xuntas deste Concello de Viveiro o martes día 26 de agosto de 2020, ás 09:00 horas, para a súa constitución e elaboración da lista de admitidos e excluídos.

**TERCEIRO.-** Notificar a presente Resolución aos membros designados para o seu coñecemento.

Mándoo e asínoo en Viveiro, á data que consta á marxe

A Alcaldesa,

Ante mín, A Secretario, ós efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018.

María Loureiro García

María Luz Balsa Rábade

**(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)**

---

**Concello de Viveiro**

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 (Lugo). Tfno. 982560128. Fax: 982561147

